



Un momento das actuacións no local da sociedade Agarimo de Sillobre

LUIS POLO

Airiños de Fene premia o labor de Xacarandaina co folclore

A entidade celebrou a XXV edición da súa Xuntanza de Gaiteiros

REDACCIÓN FERROL

“No tema da recuperación e posta en valor do folclore galego, nin un paso atrás para coller impulso”. Así falaba Henrique Peón, director da agrupación Xacarandaina, entidade homenaxeada na XXV Xuntanza de Gaiteiros Airiños de Fene que onte se celebrou na SCRD Agarimo de Sillobre. “Emocionados e agradeci-

dos” manifestáronse os integrantes da agrupación a respeito do seu estado de ánimo. En canto ao que eles valoran do seu propio traballo, destaca Peón que “posiblemente sexa o ter sido pioneiros no labor de traballo de campo para recuperar cantigas, bailes e moita cultura tradicional. Hoxe en día todo o mundo o fai, pero hay 35 anos as cousas non eran así. Nós axudamos a que mudase o panorama do folclore galego”, sostén.

Un traballo que continúa ao longo deste ano con “Galicien Amerika Linie”, espectáculo pechado con guiño e dramaturxia, ao que seguirá, en 2014, unha

nova montaxe da que só adiantan o título: “O poder do arcabuz”.

En canto á Xuntanza de Gaiteiros, o acto foi presentado pola xornalista María Xesús Arias, “Pitusa”, e abrírono as cantareiras de Xerfa, de Airiños de Fene, para continuar cos grupos de música tradicional, cantareiras, pandeireiras e baile de Xacarandaina. Polo medio tamén entrevistou o dúo Sons de Mendo, formado polo gaiteiro Xoán Carlos Rilo e a acordeonista Sabela Caamaño. Como é tradicional, a formación anfitriona, Airiños de Fene, puxo o remate a esta XXV edición da xuntanza en Sillobre. ■

06.10.2013